



# PEQUENAS GRANDES HISTORIAS 2



As historias e os debuxos que poderedes ver a continuación foron feitos por Nahia Sampedro Torrado.



# A PASTELERÍA DE MARTA

Marta abriu a súa pastelería en Coroso, todo o que vende é xenial pero xa sabe que non ten moita fama.

Un día entraron uns rapaces que lle dixeron aos seus pais que eran os mellores doces que probaran, e pronto correu a voz por toda Galicia, e despois por España, e así a pastelería de Marta foi máis famosa.



# MARINA A ARTISTA

Marina sempre soñou con ser artista, sempre intentou facer realidade os seus soños dende pequena. Aos 22 anos, fixo un cadro tan fermoso que os seus amigos subiron a foto do cadro e o viron algúns traballadores do museo de París, e ao final acabou a mans do xefe que fixo que Marina tivera un cadro no museo.



# EMILIA DESEÑADORA

**Emili é deseñadora na súa tenda. Un día unha muller díxolle que podería facer que ela fose a deseñar roupa para cantantes, actrices..., e Emili aceptou. A partir de aí foi deseñando pouco a pouco ata ser unha deseñadora famosa.**



# CARLA A BAILARINA

A Carla encántalle bailar e, polo tanto, vai a clases de ballet. Un día, un cazatalentos foi á súa clase onde viu a todas as nenas e nenos bailar. Entón descubriu que Carla era a mellor da clase así que a levou a unha clase de moito nivel o que fixo que se convertera en bailarina profesional.



ESPERO  
QUE VOS  
GUSTARA.

